

Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno da Corporación do sábado 12 de setembro de 2026

LOGO DE VER o disposto nos artigos 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e 78.2 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, no que se regulan as sesións extraordinarias do pleno.

TENDO EN CONTA que, segundo o acordo plenario de data do 13.07.2023,, relativo ao réxime de determinación da periodicidade das sesións plenarias, o Pleno celebrará sesións ordinarias con carácter mensual o último xoves de cada mes ás vinte horas.

CONSIDERANDO que este acto da CONCESIÓN DA MEDALLA DE OURO DO CONCELLO DE RIANXO A D. RAMON IGLESIAS SÁNCHEZ, vai celebrarse durante as festas da Guadalupe, antes da convocatoria do Pleno ordinario de 24 de setembro de 2026

E en aplicación do previsto nos artigos 78.2 e 80 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, así como o disposto nos artigos 46.2 b) e 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

1. CONVOCAR unha sesión extraordinaria do Pleno da Corporación.

Data: sábado 12 de setembro de 2026

Hora: 12:00

Lugar: CASA DO CONCELLO

ORDE DO DÍA:

1. CONCESIÓN DA MEDALLA DE OURO DO CONCELLO DE RIANXO A D. RAMON IGLESIAS SÁNCHEZ

2. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros do Pleno, remitíndolles unha copia das actas e dos expedientes que conforman a orde do día, facéndolles saber que, de conformidade co disposto no artigo 14.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para desenvolveren a súa función, e singularmente das que terán que servir de antecedente para as decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como evitar a reprodución da documentación que lles sexa facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

3. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello na vindeira sesión que se celebre.